

unifamiliar de planta baixa e aproveitamento baixo cuberta no lugar do Monte-Deiro, concello de Vilanova de Arousa.

Ao non poderse realizar a notificación persoal desta resolución, mediante esta cédula, e ao abeiro do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), notifícase-lle á interesada a devandita resolución.

Tendo en conta que, en atención ao previsto no artigo 61 da LRXPAC, o acto non se publica na súa integridade, fáiselle saber á interesada que o texto íntegro da resolución que se notifica encóntrase ao seu dispor nas dependencias da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, sita no edificio Witland, 1º andar, Salgueiriños, en Santiago de Compostela.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, a interesada poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta cédula, ante o director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, ou ben se non exerce o seu dereito de presentar recurso potestativo de reposición, poderá interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela ou ante o da circunscrición onde a recorrente teña o seu enderezo, a elección desta, conforme o establecido no artigo 14.1º, regra terceira da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para que conste e lle sirva de notificación á citada denunciada en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, expido e asino esta cédula.

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2008.

Hipólito Pérez Novo

Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

Cédula do 15 de setembro de 2008 pola que se notifica a imposición da 4ª multa coercitiva derivada do expediente de reposición da legalidade urbanística 107 B 2001/34-0, devolta polo servizo de correos por resultar o seu destinatario ausente na repartición.

O director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ditou, con data do 19 de agosto de 2008, resolución pola que se notifica a imposición dunha 4ª multa coercitiva derivada do expediente de reposición da legalidade urbanística nº 107 B 2001/34-0, que lle fora incoado a Fernando Sánchez Rey polas obras consistentes en construción dunha vivenda

unifamiliar no Portiño de Suevos, no concello de Arteixo.

Ao non poderse realizar a notificación persoal desta resolución, mediante esta cédula, e ao abeiro do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), notifícase-lle ao interesado a devandita resolución.

Tendo en conta que, en atención ao previsto no artigo 61 da LRXPAC, o acto non se publica na súa integridade, fáiselle saber ao interesado que o texto íntegro da resolución que se notifica encóntrase ao seu dispor nas dependencias da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, sita no edificio Witland, 1º andar, Salgueiriños, en Santiago de Compostela.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, o interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta cédula, ante o director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, significándolle que o recurso unicamente será admisible por motivos de infracción do ordenamento inherentes á imposición desta multa coercitiva, sendo motivo de inadmisión a reiteración das mesmas razóns que se esgrimiron ou puideron esgrimirse fronte á tramitación do expediente ou ben se non exerce o seu dereito de presentar recurso de reposición, poderá interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano xurisdiccional competente, conforme o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para que conste e lle sirva de notificación ao citado denunciado en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, expido e asino esta cédula.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2008.

Hipólito Pérez Novo

Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

PORTOS DE GALICIA

Resolución do 15 de outubro de 2008 pola que se aproban os plans de utilización dos espazos portuarios dos portos de Ribadeo e Foz (Lugo).

En cumprimento do artigo 19.2º da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, modificada pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, e do artigo 96 da Lei 48/2003, do 26 de

novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral do Estado, aplicables ao dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en defecto de lexislación autonómica propia, a área de explotación e planificación do ente público Portos de Galicia redactou, mediante unha asistencia contratada para o efecto, e tramitou segundo o previsto na citada lexislación os plans de utilización dos espazos portuarios dos portos de Ribadeo e Foz (Lugo).

En reunión do Consello de Administración de Portos de Galicia, realizada o día 29 de xullo de 2008, en cumprimento do disposto no artigo 13 e) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do ente público, modificado polo Decreto 83/2002, do 28 de febreiro, e do referido artigo 96 da Lei 48/2003, acordouse dar conformidade aos plans de utilización dos espazos portuarios dos portos de Ribadeo e Foz, así como eleválos e propoñelos para a súa aprobación.

Visto o expediente e o informe proposta da xefa da área de explotación e planificación de Portos de Galicia do 22 de xullo de 2008, que conta coa conformidade da dirección do ente público, así como o acordo do Consello de Administración do ente público dando a conformidade aos plans de utilización dos espazos portuarios de Ribadeo e Foz e elevándoos e propoñéndooos para a súa aprobación.

O presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por delegación do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, na actualidade Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, conferida pola Orde do 21 de novembro de 2002,

RESOLVE:

1. Aprobar o plan de utilización dos espazos portuarios do porto de Ribadeo (Lugo), redactado en marzo de 2006 polos enxeñeiros de camiños, canais e portos José Manuel Moure Vieites e Javier Blanco Rodríguez-Moret, pola UTE Iceacsa-Proyfe e por Andrés Daniel Cervantes Refojos, enxeñeiro da área de explotación e planificación de Portos de Galicia.

2. Aprobar o plan de utilización dos espazos portuarios do porto de Foz (Lugo), redactado en maio de 2006 polos enxeñeiros de camiños, canais e portos José Manuel Moure Vieites e Javier Blanco Rodríguez-Moret, pola UTE Iceacsa-Proyfe e por Andrés Daniel Cervantes Refojos, enxeñeiro da área de explotación e planificación de Portos de Galicia.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2008.

Jacinto Parga Fernández
Presidente de Portos de Galicia

Cédula do 16 de outubro de 2008 pola que se notifica a resolución do procedemento administrativo sancionador do expediente 13-22-08-01.

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE nº 285, do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE nº 112, do 14 de xaneiro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícaselle ao denunciado, cos datos persoais e último domicilio coñecido que no anexo se mencionan, mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a resolución do procedemento administrativo sancionador por infracción da Lei 27/1992, do 24 de novembro (BOE nº 283, do 25 de novembro), de portos do Estado e da mariña mercante, en relación co Regulamento de servizo e policía dos portos, aprobado por O.M. do 12 de xuño de 1976, por non ser posible a notificación a través do servizo de correos.

O órgano competente para a resolución do expediente, de acordo coa tipificación e contía da sanción e, en virtude do disposto no artigo 39.1º a) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo (DOG nº 146, do 1 de agosto), é o director do ente público.

Contra esta resolución, que non lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o Consello de Administración do ente público Portos de Galicia (artigo 107 en relación co artigo 114 da Lei 30/1992). O prazo para a súa interposición será dun mes (artigo 115 da Lei 30/1992).

Transcorrido o devandito prazo, a resolución sancionadora devirá firme e executiva e poderá facerse efectiva en período voluntario o importe da sanción, dentro do prazo establecido no artigo 62 da Lei 58/2003, do 12 de decembro, xeral tributaria (BOE nº 302, do 18 de decembro), mediante ingreso en calquera oficina das entidades de depósito colaboradoras (*Banco Gallego, Banco Pastor, Banesto, BBVA, BHS, Caixa Galicia e Caixanova*), empregando o modelo impreso que se facilitará nos servizos centrais de Portos de Galicia.

De non efectuarse o ingreso no devandito prazo, procederase á súa exacción por vía executiva.

E para que conste e lle sirva de notificación, e en cumprimento do disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2008.

José Ignacio Villar García
Director de Portos de Galicia

ANEXO

Expediente: Sanc. 13-22-08-01.

Denunciante: celador do porto.

Denunciado: Francisco Javier Besada Quintana.